



Roj: **SAP PO 1203/2015 - ECLI:ES:APPO:2015:1203**

Id Cendoj: **36057370062015100274**

Órgano: **Audiencia Provincial**

Sede: **Vigo**

Sección: **6**

Fecha: **22/06/2015**

Nº de Recurso: **368/2014**

Nº de Resolución: **283/2015**

Procedimiento: **CIVIL**

Ponente: **JUAN MANUEL ALFAYA OCAMPO**

Tipo de Resolución: **Sentencia**

**AUD.PROVINCIAL SECCION N. 6**

**PONTEVEDRA**

**SENTENCIA: 00283/2015**

**AUD.PROVINCIAL SECCION N. 6 de PONTEVEDRA**

S40020

C/LALÍN, NÚM. 4 - PRIMERA PLANTA - VIGO

Tfno.: 986817388-986817389 Fax: 986817387

N.I.G. 36057 42 1 2013 0012845

**ROLLO: RECURSO DE APELACION (LECN) 0000368 /2014**

**Juzgado de procedencia:** XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 1 de VIGO

**Procedimiento de origen:** PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000729 /2013

Recurrente: REALE SEGUROS GENERALES S.A., Rogelio

Procurador: MARIA TAMARA UCHA GROBA

Abogado: JOSE MANUEL GONZALEZ-NOVO MARTINEZ

Recurrido: UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A.

Procurador: MANUEL JUAN LAMOSO REY

Abogado: INMACULADA ROSADO CORRAL

**A Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, composta polos maxistrados D. Jaime Carrera Ibarzábal, D. Juan Manuel Alfaya Ocampo e D. Eugenio Francisco Míguez Tabarés, pronunciou**

**NO NOME DO REI**

**a seguinte**

**SENTENZA Nº 283/15**

Vigo, vinte e dous de xuño de dous mil quince.

VISTOS en grao de apelación, ante a Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do xuízo Ordinario 729/13 procedentes do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 1 de Vigo ós que correspondeu o rolo 368/14, nos que aparece como parte **apelante e demandante D./D.ª Rogelio e REALE SEGUROS GENERALES S.A., representada polo/a procurador/a D./D.ª TAMARA UCHA GROBA e asistida do/da letrado/a D./D.ª JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ- NOVO MARTÍNEZ**, e como parte contra da que se apela e demandada **UNIÓN FENOSA**



**DISTRIBUCIÓN S.A., representada polo/a procurador/a D./D.ª MANUEL JUAN LAMOSO REY e asistida do/da letrado/a D./D.ª INMACULADA ROSADO CORRAL .**

É o maxistrado **relator** D. Juan Manuel Alfaya Ocampo, quen expresa o parecer da Sala.

## I. ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro:** O Xulgado de 1.ª Instancia Núm. 1 de Vigo, con data do 6 de marzo de 2014, ditou unha sentenza coa seguinte parte dispositiva:

"Desestimando íntegramente la demanda promovida por la representación de Reale Seguros y Rogelio contra Gas Natural-Unión Fenosa, debo absolver y absuelvo a la demandada de las pretensiones contra ella deducidas, con imposición a los actores de las costas procesales."

**Segundo:** Contra a dita sentenza o/a procurador/a D./D.ª TAMARA UCHA GROBA, en representación de D./D.ª Rogelio e REALE SEGUROS GENERALES S.A., presentou un recurso de apelación, que foi admitido en ámbolos efectos, consonte o disposto no artigo 455 da Lei de axuízamento civil (LAC).

Logo de cumpri-los trámites legais, eleváronse as presentes actuacións á Audiencia Provincial de Pontevedra e correspondéronlle por quenda de reparto a esta Sección Sexta con sede en Vigo. Sinálase para a deliberación do presente recurso o día 18 de xuño de 2015.

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro :** A parte demandante reclama da demandada, Gas Natural Fenosa, S. A., subministradora da enerxía eléctrica, os danos e prexuízos que padeceu en dous locais da súa propiedade por unha sobretensión acaecida o día 10 de outubro de 2012. A alicerza a súa pretensión, por unha banda, nas normas reguladoras do sector eléctrico, e por outra, na normativa protectora dos **consumidores** e usuarios.

Conforme a esta última, os **consumidores** teñen dereito á indemnización dos danos e prexuízos que sufran a consecuencia da adquisición ou utilización de bens ou servizos, con excepción de que o dano teña a súa orixe, exclusivamente, na culpa do prexudicado ou dunha persoa da que este deba responder civilmente, ou que probe que cumpríu as exigencias e requisitos regulamentariamente establecidos e os demais cuidados e dilixencias que exige a natureza do servizo (en esencia, artigo 40 da Lei 2/2012, de 28 de marzo , galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, e artigos 145 e 147 do Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que apróbase o texto refundido da LXDCU).

E dacordo coa lexislación específica, a demandada ven obrigada a subministrar ao cliente a electricidade de xeito continuado ou sen interrupcións -agás das permitidas e coas garantías exixidas regulamentariamente-. É dicir, esta normativa ven dispor, en definitiva, a continuidade e calidade do suministro, tanto individual como zonal (artºs. 99.2 a., 101, e 102 e seguintes), e o dereito do **consumidor** afectado polo incumprimento da calidade de servizo individual a reclamar, no canle civil, a indemnización dos danos e prexuízos que dito incumprimento lle causa ( artº 105. 8, este e aqueles do Real Decreto 1955/2000 , de 1 de decembro).

En último lugar, e en liña coa anterior reflexión, non está demais lembrar que este tipo de responsabilidade da subministradora do servizo para co cliente non ten unha orixe extracontractual ( artigo 1902 do código civil ), senón que é de natureza contractual.

Por outra banda, e malia a invocación normativa dos actores apelantes, a formulación dos mesmos non pode ter amparo, en ningún caso, na normativa tuitiva dos **consumidores**, por non ostentar condición de tales, xa que a electricidade subministrada tiña por obxecto atender, non as súas necesidades persoais, senón á actividade comercial que o mesmo despregaba neses locais ( artigo 3 do RDLex. de 2007). Estamos, xa que logo, obrigados á toma en consideración unicamente da normativa reguladora da subministración eléctrica, en conxunción, claro é, cos preceptos reguladores da responsabilidade contractual ( artigos 1089 , 1091 , 1101 e demais concordantes do código civil ).

E xa para centrar definitivamente a controversia, debemos partir dun feito, que en realidade as partes non discuten -e que estaría en todo caso probado-, como é que a sobretensión que orixinou os danos e prexuízos tivo lugar polo o enganhe ilegal que o dono dunha atracción de feira realizou no tendido eléctrico da demandada.

**Segundo :** Sen necesidade de amplas consideracións, a formulación dos actores don pode ser acollida, dado que por moito que obxectivemos a responsabilidade da demandada, o evento lesivo non atópase nun comportamento indilixente ou imperito da mesma, nin de outras persoas que se atopan baixo o seu dominio, senón na actuación dun terceiro (o propietario da atracción de feira), que ningunha relación gardaba con



aquela primeira, o que ten que levar, necesariamente, a exonerar á demandada de toda responsabilidade xa que, finalmente, nin nós consta o tempo que duraba a situación irregular nin, en fin, os demandantes invocan en realidade un incumprimento por parte da demandada das súas obrigas de control, vixilancia e revisións periódicas do tendido eléctrico, para así detectar posibles fallos e disfuncións e por pronto couto aos mesmos. Ou por expresalo doutro xeito, e a pesar de que nós encontremos cun "acto de terceiro", que a norma desvincula inicialmente da responsabilidade da empresa subministradora da electricidade, cabería, en todo caso, facer extensiva esa responsabilidade se a situación orixinadora do risco (o enganche ilegal) poidera -e debera- ser coñecida por esta última, por terse manifestado durante un período de tempo prudencial e mínimo para que a demandada tiver ocasión de detectala mediante os seus obrigados labores de vixilancia e inspección das instalacións. Pero como a parte actora non alega esta circunstancia, nin temos constancia, por outra banda, dunha situación duradeira da anomalía, o pedimento indemnizatorio dos demadantes apelantes non pode ser atendido. Soamente nunha situación duradeira da irregularidade podería dar lugar a que a demandada indemnizase á parte demandante, e sen prexuízo da repetición da primeira contra o causante direco e único dos danos padecidos pola segunda.

**Terceiro** : Non hai circunstancia ningunha de excepción para prescindir do criterio xeral do vencimento obxectivo, disposto para as custas procesuais desta alzada polo artigo 398, en relación co artigo 394, ambos da L. A. C..

Por todo o exposto, e pola autoridade que a este Tribunal lle outorgan a Constitución e o pobo español,

## DECIDIMOS

Que desestimamos o recurso de apelación promovido por REALE SEGUROS GENERALES S.A. e D. Rogelio representados pola Procuradora Sra. Ucha Groba contra a sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Vigo o día 6 de marzo de 2014, con expresa imposición das custas procesuais desta alzada á parte apelante.

Esta é a nosa sentenza, que asinamos, e que se redacta en galego consonte o establecido no art. 3.2 e 3 da Constitución española ; no art. 5.1 , 2 e 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril ; e nos arts. 1 , 2 , 6.3 , e 7.2 e 3 da Lei 3/1983 , do 15 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia, de normalización lingüística.

Notifíquelles ás partes a presente resolución.

**MODO DE IMPUGNACIÓN** : Contra a presente sentenza cabe interpoñer recurso de casación por tratarse dun proceso que presenta interese casacional, sobre a base do establecido no art.º 477 da LEC , debendo interpoñer dentro dos vinte días seguintes á súa notificación na forma establecida no art.º 479 da LEC . Asímesmo cabe interponer recurso extraordinario por Infracción Procesual sobre a base do establecido no art.º 468 da LAC, debendo interponer dentro dos vinte días seguintes a súa notificación na forma establecido no artº 479 da LAC.

Devólvenselle os autos orixinais ó xulgado do que proceden, cun testemuño desta sentenza para o seu coñecemento e cumprimento.